

## NOTA DE PRENSA

### **A Asociación de Balnearios de Galicia quiere aclarar que os balnearios non están afectados pola suspensión cautelar das vacacións do IMSERSO**

**Os pensionistas poden reservar praza en balnearios dentro do Programa de Termalismo do IMSERSO para os meses de xuño a decembro**

**Neste programa participan 17 establecementos galegos, que ofertan no seu conxunto máis de 27.000 prazas**

---

*Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación de Balnearios de Galicia quiere aclarar que os balnearios españois e, polo tanto, os galegos, non están afectados pola suspensión cautelar do Programa de Vacacións do IMSERSO. O organismo amosa a súa preocupación pola confusión que se está a xerar entre os usuarios e informa de que os pensionistas poden reservar praza en balnearios dentro do Programa de Termalismo do IMSERSO para os meses de xuño a decembro.

A Asociación lembra que o IMSERSO creou hai 30 anos un programa diferenciado para os balnearios, o Programa de Termalismo Social, do que gozan máis de 200.000 persoas cada ano en todo o país. No marco deste Programa -que se renovou con acordo entre as partes e posteriormente foi aprobado polo Consello de Ministros o pasado mes de decembro para os vindeiros dous anos, con posibilidade de prórroga dun terceiro- Galicia é unha das comunidades que ofrece un maior número de prazas e con máis balnearios participantes.

Este ano participan no programa 17 establecementos galegos, que ofertan no seu conxunto máis de 27.000 prazas. Na provincia da Coruña están o Balneario de Compostela -situado no concello de Brión- e o de Carballo. Na provincia lucense están o Balneario de Lugo-Termas Romanas, Río Pambre e Augas Santas (Pantón). En Ourense participan os establecementos termais de Baños de Molgas, Arnoia Caldaria Hotel Balneario, Lais Caldaria Hotel Balneario (concello de Cenlle), Lobios Caldaria Hotel Balneario e o Gran Balneario do Carballiño. E en Pontevedra os balnearios de Baños da Brea (situado en Vila de Cruces), Caldelas de Tui, Eurostars Isla de la Toja, Mondariz, Termas de Cuntis, xunto con Dávila e Acuña (os dous en Caldas de Reis).

### **Impacto na economía**

O xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**, salienta que "calquera dúbida sobre a suspensión do Programa de Termalismo do IMSERSO ou a interpretación errónea de que de momento non se poden facer reservas, como así ocorre co Programa de Vacacións, ten unha gran repercusión no normal

funcionamento dun sector do que dependen un elevado número de traballadores na nosa comunidade”. Nesta liña, o xerente manifesta que “a gran maioría dos balnearios están situados en comarcas nas que estes establecementos se converten na actividade económica fundamental do territorio e actúa como tractor económico do comercio e os servizos complementarios da zona”. Ademais, dende a Asociación de Balnearios de Galicia resaltan que os balnearios potencian o mercado laboral feminino, con máis do 70% do emprego.

### **Estadías de 12 días e 11 noites ou 10 días e 9 noites, a prezos moi reducidos**

Os pensionistas que desexen participar neste programa e opten por presentar as solicitudes por vía telemática poderán facelo a través da sede electrónica do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso). As estadías son de 12 días e 11 noites, aínda que se pode optar por unha duración máis reducida, de 10 días e 9 noites. As tarifas, moi accesibles, varían en función do establecemento hoteleiro e das características de cada balneario.

Para a adxudicación das prazas o Imserso aplica un baremo, no que ten prioridade o grao de necesidade de recibir os tratamentos termais, a situación económica e a idade dos solicitantes. Tamén se valora que sexan membros dunha familia numerosa e que non teñan participado no programa nos dous últimos anos.

### **Tratamento médico e actividades de lecer**

**Benigno Amor**, lembra que “este programa diríxese a pensionistas maiores de 60 anos e a todos os pensionistas de xubilación e invalidez que necesiten os tratamentos termais que proporcionan os balnearios. Trátase, en particular, de combater a reuma; a artrose; as afeccións dos aparatos respiratorio, dixestivo, renal e das vías urinarias; os problemas da pel e ata trastornos vinculados ao sistema nervioso”.

O programa ofrece tratamentos termais básicos, que inclúen o recoñecemento médico e a prescrición do tratamento por parte do facultativo do balneario, a súa aplicación e posterior seguimento médico. Proporcióname ademais aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres de uso compartido. E realizaranse actividades de animación destinadas a este colectivo.

O nivel de satisfacción dos usuarios que participan neste programa é moi alto, superando amplamente o 90% de valoración positiva nas enquisas que se realizan cada ano.

Os interesados en participar neste programa poden obter os impresos de solicitude de praza e recibir máis información na páxina web [www.imserso.es](http://www.imserso.es) ou a través do teléfono **901 109 899**.